



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 28 DE XANEIRO DE 2021,  
BAIXO A PRESIDENCIA DE  
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 228/2008, do 2 de outubro, sobre a prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello da Pontenova da estrada provincial LU-P-4805 na súa totalidade.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural a igrexa de Santa María da Atalaia, no termo municipal de Laxe (A Coruña).

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración, así como a modificación dos límites e das porcentaxes dos pagamentos anticipados, entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, con 57 federacións deportivas galegas, por importe de catro millóns noventa e nove mil setecentos sesenta e sete euros (4.099.767,00€).

**INFORMES**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Informe sobre venda de solo empresarial e adxudicación en dereito de superficie.
- Informe sobre o mapa de uso e coberturas do solo a escala 1/5.000 nos concellos de costa.



## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación da quinta subministración de diverso material para facer fronte ao covid-19 nos centros da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, por importe de catro millóns douscentos noventa e sete mil douscentos vinte e tres euros con oitenta céntimos (4.297.223,80€) IVE engadido
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da compra de diversas subministracións para a Área Sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia do covid-19, por importe de oitocentos mil trescentos oitenta euros con setenta e un céntimos (800.380,71€).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da realización de diversas actuacións e subministracións para a Área Sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia do covid-19, por importe de cincocentos once mil trescentos trinta e nove euros con oitenta e catro céntimos (511.339,84€).
- Informe sobre o convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña polo que se establecen as bases para a execución das obras no novo Hospital do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

## CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Informe sobre o Plan de actuación para o control da enfermidade do cancro do castiñeiro e seguimento dos tratamentos-2020.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A MODIFICACIÓN DO DECRETO SOBRE A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE TRANSPORTE MARÍTIMO DE PERSOAS PARA FACILITAR A INSCRICIÓN DAS EMPRESAS NO REXISTRO DE OPERADORAS

- *O novo regulamento substitúe a anterior solicitude por unha declaración responsable en que a empresa manifesta o cumprimento dos requisitos exixidos na normativa vixente para o exercicio da actividade*
- *A declaración responsable permite a prestación dos servizos desde o mesmo día da presentación do documento, se reúne todos os requisitos previstos na norma*
- *A inscrición no rexistro será indefinida, pero a empresa presentará no último mes de cada ano unha declaración responsable de que segue a cumprir co exixido*
- *A normativa mellora o sistema de información aos usuarios, pois as operadoras deberán publicar as modificacións dos servizos nos portos de atracada e na web*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a modificación do Decreto 228/2008 sobre a prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia para facilitar a inscrición das empresas no Rexistro de Operadoras do Transporte Marítimo.

O obxectivo da modificación do regulamento é reducir os prazos de tramitación e inscrición das empresas e dos seus servizos no Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo.

Para isto, substitúese a anterior solicitude por unha declaración responsable en que a empresa manifesta o cumprimento dos requisitos exixidos na normativa vixente para o exercicio da actividade, a disposición da documentación e a súa posta á disposición da Administración cando sexa requirida.

Esta declaración responsable permite a prestación dos servizos desde o mesmo día da presentación do documento, se reúne todos os requisitos previstos na norma.

Isto permite a prestación do servizo desde o momento en que dispoña da autorización de atracada ou doutras precisas como a do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas ou dos órganos xestores doutros espazos protexidos, sen ter que esperar a que se dite resolución.

Con esta modificación, a inscrición no rexistro terá carácter indefinido, pero a empresa operadora deberá presentar no último mes de cada ano unha declaración responsable de que segue a cumprir todos os requisitos exixidos para o exercicio da actividade.

A nova normativa tamén mellora o sistema de información aos usuarios acerca da prestación dos servizos. Así, as empresas deben publicar as modificacións e



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

cancelacións de servizos nos portos de atracada e na súa páxina web, así como en medios de comunicación.

Esta puntualización optimiza a prestación dos servizos aos viaxeiros, pois ata agora as modificacións só debían ser anunciadas pola empresa nos locais de expedicións de billetes e nas embarcacións.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DA PONTENOVA DA ESTRADA PROVINCIAL QUE VAI DE BOULLOSO A FIGUEIRÚA POR DODRÍN

- *Trátase da estrada LU-P-4805, cunha lonxitude de algo máis de 5,5 km, que comunica tres núcleos de poboación da parroquia de Conforto: Mamede, Dodrín e Figueirúa coa estrada de titularidade autonómica LU-704*
- *Con esta transferencia o Concello asume a xestión e conservación desta vía*
- *O cambio de titularidade será efectivo desde o día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello da Pontenova da estrada provincial LU-P-4805 de Boulloso, por Dodrín, ata a Figueirúa.

O Concello da Pontenova solicitou á Deputación Provincial de Lugo a cesión da totalidade desta vía provincial de uso exclusivamente local, xa que comunica tres núcleos de poboación da parroquia de Conforto: Mamede, Dodrín e Figueirúa, coa estrada de titularidade autonómica LU-704 sen continuidade cara outros núcleos de poboación.

A Deputación dá a súa conformidade á transferencia da titularidade desta vía provincial, que comeza na estrada autonómica LU-704, en Boulloso, e conta cunha lonxitude de 5.567 metros.

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello da Pontenova terá a competencia para actuar nesta vía e asume a súa xestión e conservación.

O cambio de titularidade será efectivo desde o día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*.

A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación no DOG mediante a sinatura da correspondente acta de entrega entre Concello e Deputación.



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A partir da formalización da entrega, corresponderanlle ao Concello da Pontenova todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

## A XUNTA DECLARA BIC A IGREXA DE SANTA MARÍA DA ATALAIA DE LAXE, UN DOS PRINCIPAIS EXEMPLOS DO GÓTICO MARIÑEIRO NA COSTA DA MORTE

- *O decreto aprobado hoxe no Consello garantirá a protección deste ben, así como da peza escultórica sobresaínte do retablo pétreo da Resurrección*
- *O remate deste procedemento acredita o valor sobranceiro deste templo que cumpriu unha tripla función: defensiva, civil e relixiosa*
- *O Goberno autonómico declarou BIC un total de 70 bens desde a entrada en vigor da Lei de patrimonio en 2016, co que Galicia acada os 746 BIC*

O Consello da Xunta vén de dar luz verde ao decreto polo que se declara ben de interese cultural (BIC) coa categoría de monumento e nivel de protección integral a igrexa de Santa María da Atalaia, no concello de Laxe (A Coruña). O documento, que entrará en vigor despois da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), culmina o proceso iniciado pola Xunta de Galicia en xuño do pasado ano cando se incoara o expediente e se deu comezo coa súa tramitación.

O Goberno autonómico realizou o procedemento en menos dun ano, reducindo o prazo de dúas anualidades previsto pola lei autonómica para este tipo de procedementos, cumprindo unha vez máis o compromiso de axilizar ao máximo a xestión para seguir traballando na protección do patrimonio cultural. Ademais, o expediente BIC está avalado por un informe previo da Real Academia Galega de Belas Artes e outro do Consello da Cultura Galega. Este último propuxo unha serie de melloras que se tomaron en consideración para dar unha maior solidez á declaración.

As razóns para esta declaración céntranse nos seus valores construtivos; a implantación na propia vila de Laxe; a relación que o inmovible mantén co mar e a paisaxe mariñeira, formando con eles un conxunto harmónico, e a súa tripla función: defensiva, civil e relixiosa, que cumpriu ao longo da súa historia. Ademais, cómpre destacar que o templo posúe un conxunto escultórico e decorativo notable, en que sobresaie o retablo pétreo da Resurrección que, pola súa calidade, temática e singularidade é un exemplo sobranceiro da arte sacra en Galicia.

### Catalogación de 45 pezas

A igrexa responde á orientación tradicional dos antigos templos medievais e supón un dos principais exemplos do gótico mariñeiro na Costa da Morte. A cabeceira olla cara ao leste e o pórtico cara ao oeste. A súa planta desenvólvese nun corpo de nave de tres tramos, separados por arcos dobrados apuntados, que parten de columnas de fuste poligonal curto e remátanse cun capitel decorado con temas vexetais, moi característicos do gótico tardío galego. Cara ao exterior preséntase con sinxelos e





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

robustos muros e un porte sobrio en que visualmente destacan os contrafortes angulares que contrarrestan o peso da bóveda.

A maiores do propio inclúense na declaración unha serie de bens mobles existentes no seu interior que se integrarán no Catalogo do patrimonio cultural de Galicia. Trátase de 45 elementos entre os que se inclúen varias imaxes e ornamentos relixiosos, dos cales destaca a Virxe da Atalaia, unha escultura datada entre o século XV e XVI. Así mesmo, quedará incluído dentro do contorno de protección todo o recinto que se atopa no interior da muralla.

### Reforzo da protección

Esta actuación enmárcase na aposta do Goberno galego pola conservación do patrimonio sobranceiro e na potenciación e recoñecemento dos seus elementos claves, como recursos que sirvan de panca de cambio para un desenvolvemento sustentable. Neste sentido, a igrexa de Santa María da Atalaia forma parte así dos 70 bens declarados desde a entrada en vigor da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, que facilitou a declaración e protección do patrimonio cultural cun concepto máis amplo baseado tamén nas relacións territoriais e no patrimonio inmaterial.

Así, a día de hoxe, Galicia conta con 746 BIC, incluíndo entre as últimas incorporacións bens como a paisaxe cultural da Ribeira Sacra, as esculturas da Catedral de Santiago atribuídas ao Mestre Mateo, a Terraza de Sada ou o Mosteiro de San Martiño Pinario en Santiago de Compostela, entre outras. Ademais, o Goberno galego ten iniciados xa os trámites para outras cinco declaración BIC que se irán resolvendo nos vindeiros meses.

### O retablo da Resurrección

A igrexa garda no seu interior unha serie de bens de gran relevancia, entre os que destaca o retablo pétreo da Resurrección, un friso continuo composto por cinco bloques esculpídos sobre roca granítica de forma rectangular, de 450 cm x 107 cm, descuberto no inverno de 1955 pola destrución que un raio causou no retablo barroco que ocupaba este lugar.

A parte superior e inferior do retablo delimitase por unha estreita banda con anxos orantes representados en busto, de aspecto basto con cabeleiras esquemáticas. Cada unha das cinco escenas están enmarcadas entre unhas columnas que soportan unha arquería gótica, que divide os distintos bloques pétreos do retablo.

De esquerda a dereita o artista desenvolve o tema da resurrección de Cristo en cinco escenas dispostas coa seguinte orde: resurrección de Cristo, descenso de Cristo resucitado ao Limbo, aparición de Cristo á Virxe María acompañado polos xustos liberados; as Santas Mulleres ante o sepulcro baleiro e a aparición de Cristo a María Magdalena. A representación, en escultura pétreo, da aparición de Cristo Resucitado á Virxe María resulta excepcional en España.





### Consideracións históricas

Laxe era a mediados do século XV, ademais dunha pequena vila mariñeira –configurada arredor dun núcleo máis antigo conformado entre as actuais rúa Real e a praza de Ramón Juega–, o porto natural das terras de Soneira e, polo tanto, do señorío de Altamira. Un clásico espazo portuario de fondo de ría que era daquela a principal saída ao mar dos territorios controlados e xestionados polos Moscoso de Altamira, que quedaba protexido desde un outeiro pola igrexa-fortaleza da Atalaia ou da Esperanza, desde onde se dominaba practicamente todo o val fluvial.

A igrexa foi fundada por dona Juana de Castro Lara y Guzmán, condesa de Altamira, que iniciou a súa construción a principios do século XV, sobre, probablemente, o solar que xa ocupaba unha capela previa do século XIII, xustamente no promontorio dominante da vila medieval, desde o que se controlaba o porto, a praia, a vila e a ría. A esas obras fai alusión a súa filla, dona Urraca, no seu testamento manuscrito dous días antes da súa morte en que deixaba unha suma de cartos para rematar as obras.

### Templo e baluarte de Laxe

A igrexa non só foi, desde as súas orixes, un lugar de culto e oración, senón que se significou ademais como espazo de protección física ao contar con potentes muros de pedra, robustecidos polos seus contrafortes. A súa concepción inicial respondía, polo tanto, a dúas funcións básicas: a finalidade relixiosa uníase a de ser un baluarte defensivo, derivado da súa situación estratéxica, que permitía controlar os accesos á vila tanto desde terra como por mar. Esta característica potenciárase aínda máis coa construción no século XVI dunha torre-campanario. Aumentando deste xeito a súa capacidade para vixiar e advertir do perigo aos veciños dispersos mediante o repique de campás.

Ademais no adro da igrexa nas caras norte e leste, estiveron colocados uns canóns que tiñan a finalidade de protexer o porto e a vila de Laxe, aínda así tanto a igrexa como a vila sufriron en máis dunha ocasión o asalto e saqueo por parte de flotas inimigas ou de piratas que se apropiaron das reliquias eclesiásticas e dos bens de xente local.

## A XUNTA MANTÉN O IMPORTE DOS CONVENIOS DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS QUE NESTE 2021 E A PESAR DO DESCENSO DA ACTIVIDADE VOLVEN ACADAR 4,4 MILLÓNS DE EUROS

- *Os convenios de colaboración que o Goberno galego asinará coas respectivas federacións deportivas mais o convenio para o mantemento de Verducido ascenden a un importe de 4.392.684 euros, o mesmo que o destinado en 2020, un 2% máis que en 2019 e sendo, de novo, a dotación económica máis elevada desde o ano 2011*
- *Ademais, o Consello tamén aproba a modificación dos límites e das porcentaxes dos pagamentos anticipados para que todas as federacións deportivas de Galicia poidan desfrutar destes anticipos*

O Consello da Xunta deu luz verde aos convenios de colaboración que o Goberno galego, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, asinará coas respectivas federacións deportivas. En total son 57 as federacións deportivas que xa teñen autorizados os seus convenios para realizar na súa integridade a totalidade das actuacións, actividades, funcións e tarefas que, conforme a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, asumen as federacións deportivas en réxime de exclusividade.

A estes 57 convenios sumaranse ao longo de 2021 os importes da Federación Galega de Automobilismo (pendente pola determinación do calendario de probas no ano 2021) e da Federación Galega de Deportes Autóctonos -chave e billarda- que será constituída nas vindeiras datas. Con todo, e sumando tamén a contía do convenio coa Federación Galega de Piragüismo para o mantemento, conservación e mantemento do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, a Secretaría Xeral para o Deporte destina en 2021 un total de 4.392.684 euros, o mesmo importe que o destinado en 2020 e que supuxo un aumento do 2% con respecto a 2019 (4.306.002 euros) sendo, de novo, a dotación económica máis elevada desde o ano 2011. Ademais, o Consello tamén aproba a modificación dos límites e das porcentaxes dos pagamentos anticipados para que todas as federacións deportivas de Galicia poidan desfrutar destes anticipos.

Cómpre salientar o esforzo que realiza a Xunta de Galicia por manter os importes dos convenios coas federacións deportivas galegas nun escenario de pandemia en que parte da actividade deportiva autonómica federada non se está a realizar.

A pesar disto, desde o abandono do estado de alarma ata as últimas restricións adoptadas, o deporte galego comportouse de xeito exemplar elaborando unha serie de estritos protocolos adaptados á situación actual, polo que sempre estivo exceptuado das restricións de actividade e mobilidade. O mantemento do importe dos convenios é



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

un xeito de agradecer todo este traballo desempeñado polo tecido deportivo e de confiar na pronta recuperación da normalidade deportiva.

Os 4.392.684 euros son distribuídos atendendo a criterios obxectivos, como son o número de licenzas totais, licenzas femininas e licenzas de deportistas con discapacidade existentes na federación, o número de clubs participantes en competicións oficiais, os de campionatos de España e competicións internacionais organizadas, os deportistas da federación que formen parte das seleccións deportivas, o número de deportistas galegos de alto nivel ou de deportistas de alto nivel da federación ou, entre outros criterios obxectivos, as actividades de promoción e fomento realizadas nas actividades en idade escolar.

Os 57 convenios autorizados na sesión de hoxe son os das federacións deportivas galegas de actividades subacuáticas (19.056 euros), aeronáutica (13.480 euros), atletismo (219.399 euros), bádminton (103.532 euros), baloncesto (252.102 euros), balonmán (189.614 euros), béisbol e sófbol (2.403 euros), billar (19.944 euros), birlos (23.957 euros), boxeo (30.465 euros), caza (30.329 euros), chave (5.894 euros), ciclismo (185.941 euros), colombicultura (3.332 euros), colombofilia (7.273 euros), deporte adaptado (79.495 euros), deportes de inverno (8.438 euros), esgrima (33.876 euros), espeleloxía (26.233 euros), esquí náutico (9.299 euros), fútbol (255.133 euros), golf (45.367 euros), halterofilia (54.196 euros), hípica (70.448 euros), hóckey (21.494 euros), judo e deportes asociados (141.904 euros), karate e deportes asociados (68.621 euros), kickboxing (19.899 euros), kung-fu (32.039 euros), loita e deportes asociados (112.858 euros), montañismo (30.480 euros), motociclismo (60.380 euros), motonáutica (29.484 euros), natación (156.415 euros), orientación (26.588 euros), pádel (39.426 euros), patinaxe (55.642 euros), pelota (10.774 euros), pesca e casting (15.021 euros), petanca (12.656 euros), piragüismo (333.195 euros), remo (108.283 euros), rugby (46.007 euros), salvamento e socorrismo (20.611 euros), squash (34.891 euros), surf (33.947 euros), taekwondo (121.110 euros), tenis (106.254 euros), tenis de mesa (40.644 euros), tiro ao voo (6.357 euros), tiro con arco (45.014 euros), tiro olímpico (41.710 euros), triatlón e péntatlon moderno (170.165 euros), vela (252.569 euros), voleibol (86.277 euros), xadrez (55.177 euros) e ximnasia (74.669 euros).

### Outras liñas de colaboración

Neste 2021 e xunto aos seus convenios, as federacións galegas poderán optar a outras liñas de colaboración coa Xunta de Galicia. Así, as federacións deportivas terán acceso ás axudas para a adquisición de equipamentos deportivos que tamén mantén o importe de 2020 con 700.000 euros. Esta liña de axudas tamén prevé a adquisición do material sanitario inventariable para a prevención da covid-19 (mamparas, dispensadores de xel, termómetros...).

Asemade, a convocatoria a clubs e entidades contará cunha liña para gastos de desenvolvemento da actividade deportiva ordinaria cun importe de 1,9 millóns de



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

euros e unha liña de actuación para gastos orixinados pola pandemia cun orzamento de 2 millóns de euros.

Para este 2021, o orzamento global da Secretaría Xeral para o Deporte medra nun 28,5% ao pasar dos 25.257.216 euros en 2020 aos 32.474.216 euros.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

**A XUNTA DESTINARÁ OITO MILLÓNS ESTE ANO A BONIFICAR A COMPRA DAS 545 PARCELAS DISPOÑIBLES NOS SEUS PARQUES EMPRESARIAIS**

- *Ao longo do mes de febreiro, a empresa pública Xestur e o Instituto Galego da Vivenda e Solo sacarán ao mercado toda a superficie industrial que teñen sen ocupar nos seus polígonos con descontos de ata o 50% sobre o prezo de venda*
- *Como novidade, ofrecerase a opción de arrendamento nalgúns parques a través da convocatoria dunha oferta pública de parcelas con alugueiros moi reducidos*
- *Manterase tamén a posibilidade de acceder a parcelas na modalidade de dereito de superficie e daráselle continuidade ás medidas implementadas o ano pasado para aliviar o impacto económico da covid sobre o tecido empresarial galego*
- *Desde a posta en marcha destes incentivos en 2015, vendéronse 1.986.032 metros cadrados e adxudicáronse en dereito de superficie outros 153.305 metros*
- *O Consello coñeceu hoxe un informe sobre o programa de venda de parcelas a prezos bonificados e as adxudicacións en dereito de superficie durante o período 2015-2020, en que se recollen tamén os incentivos previstos para este ano*

A Xunta de Galicia manterá este ano a súa política de incentivos para facilitar ás empresas o acceso a solo industrial nos parques que xestiona, un obxectivo para o que mobilizará en total oito millóns de euros. Deste xeito, a empresa pública Xestur e o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) sacarán á venda o próximo mes de febreiro a totalidade dos terreos que teñen dispoñibles nos seus polígonos industriais, concretamente, 545 parcelas cunha superficie total de 1.437.785 metros cadrados.

As empresas interesadas en asentarse na comunidade ou ben en ampliar as súas actuais instalacións poderán acceder a este solo cunha bonificación sobre o prezo de venda do 50% ou do 30%, dependendo da zona onde se empracen as parcelas. Ademais, darase a posibilidade de facer adxudicacións a proxectos singulares na modalidade de dereito de superficie, é dicir, a cambio do pagamento dun canon anual reducido por metro cadrado.

A maiores e como novidade, ofrecerase unha terceira modalidade de acceso ao solo empresarial da Xunta: o arrendamento. Para iso, realizarase por primeira vez unha oferta pública de parcelas a alugueiros moi reducidos pensada en principio para os parques de Ferrolterra e da fronteira con Portugal, aínda que podería ampliarse a outras áreas con pouca demanda. O obxectivo é dar cabida a instalacións non permanentes polo que os adxudicatarios terán que liberar a parcela en canto se presente unha oferta de compra.

Por outra banda e atendendo á situación derivada da pandemia do coronavirus, o Goberno galego tamén acordou darlle continuidade ás medidas adoptadas o ano



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

pasado para aliviar o impacto da covid sobre o tecido empresarial asentado nos parques de Xestur ou do IGVS.

Así, concederanse prórrogas, por causas xustificadas, sobre os tres anos fixados para concluír a edificación da parcela; estenderase a seis meses o prazo para o pagamento do importe da compra de solo adquirido; e ampliarase o período de carencia e o do exercicio da opción de compra para os adxudicatarios en dereito de superficie.

De feito, todos estes incentivos, recollidos nun informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda sobre venda de solo empresarial e adxudicación en dereito de superficie, cobran unha especial importancia nestes momentos, xa que contribuirán á reactivación económica de Galicia tras a crise da covid-19 ao servir de impulso e apoio ao tecido empresarial asentado na comunidade.

Neste sentido, a política de bonificación de prezos do solo empresarial impulsada en 2015 pola Xunta naceu co obxectivo de facilitar ás empresas o seu asentamento ou expansión en calquera dos parques do IGVS e de Xestur ao abaratar o seu prezo. Co mesmo fin, a partir de 2016 ofreceuse tamén a posibilidade de adxudicar ese solo en dereito de superficie, unha modalidade vantaxosa que lles permite ás empresas acceder a novas parcelas mediante o pagamento dun canon anual moi reducido por metro cadrado.

A efectividade de ambas medidas quedou demostrada coa reactivación das adxudicacións de solo empresarial nos parques dependentes da Xunta, cun balance de 1.986.032 metros cadrados vendidos entre os anos 2015 e 2020 e outros 153.305 adxudicados en dereito de superficie desde 2016, é dicir, un total de 2.139.337 metros cadrados adxudicados.

O solo adxudicado en compravenda nestes últimos seis anos supuxo o desembolso por parte dos compradores de máis de 104,6 millóns de euros, unha vez descontados xa do prezo de venda os 64,33 millóns de euros de bonificacións; mentres que o valor das parcelas adxudicadas en dereito de superficie desde 2016 supera os 13,5 millóns de euros.

Esta política de bonificacións e acceso ao solo en dereito de superficie permitiu nos últimos seis anos o fomento da actividade empresarial e a creación de riqueza e postos de traballo, ao tempo que incentivou ás empresas a asentarse en espazos especificamente creados para elas ou a trasladarse desde emprazamentos pouco axeitados para a súa actividade.

Así, o investimento directo estimado nas edificacións e instalacións ligadas á superficie que se adxudicou neste período ascende a 540 millóns de euros e grazas a el, a creación de postos de traballo que se calcula ascende a uns 5.400 empregos.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**Concurso de venda de Xestur en febreiro**

Polo que respecta ás previsións para este ano, o Consello de Administración de Xestur aprobará e publicará na primeira quincena de febreiro os pregos do seu novo concurso de venda de solo empresarial. O IGVS, pola súa parte, está xa a tramitar o expediente para autorizar as bonificacións para este ano, coa previsión de facelas públicas tamén en febreiro.

As 545 parcelas con 1,4 millóns de metros cadrados que se porán á disposición por parte de ambos os organismos incorporarán todo o solo desenvolvido e dispoñible nos parques propiedade da Xunta, pero tamén as novas promocións que se están a executar e que, por tanto, están pendentes de comercializar. Neste sentido, na oferta de solo empresarial de 2021 incluíranse as novas comercializacións da Fase A do polígono de Morás (Arteixo), de Touro, e do parque empresarial de Xinzo de Limia, así como as novas fases dos polígonos das Gándaras (Lugo), Muimenta-Cospeito, Taboada e Quiroga.

A continuación, especificanse as parcelas e a superficie dispoñible que se comercializará en 2021 así como a porcentaxe da bonificación que se aplicará, desagregada por parques empresariais:

PARQUE	Nº PARCELAS	SUPERFICIE m <sup>2</sup>	% BONIFICACIÓN
A Sionlla (Santiago de Compostela)	63	305.697	30
Negreira	3	7.461	30
Arzúa	1	2.011	30
Bértoa (Carballo)	19	72.524	50
Cedeira	36	38.677	50
Ortigueira	43	50.748	50
As Somozas	4	68.600	50
Melide	2	4.680	30
Pontedeume	1	1.139	50
Culleredo (Alvedro)	1	4.700	30
Touro	4	2.941	30
Morás-Arteixo	36	133.661	30
<b>TOTAL PROVINCIA DA CORUÑA</b>	<b>213</b>	<b>692.839</b>	
Xermade	12	11.126	50
Monterroso	22	39.403	50
Porto Seco de Monforte de Lemos	10	35.444	50
Lourenzá	7	8.855	50
Bóveda	6	4.643	50
Cervo	15	27.843	50
As Gándaras			





INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Viveiro	12	35.689	50
As Gándaras	44	120.559	50
Muimenta - Cospeito	15	12.979	50
Taboada	13	13.717	50
Quiroga	10	7.605	50
<b>TOTAL PROVINCIA DE LUGO</b>	<b>166</b>	<b>317.863</b>	
Central de transportes de San Cibrao das Viñas	2	23.840	50
Vilamarín	12	18.721	50
Pereiro de Aguiar	1	1.461	50
O Barco de Valdeorras	11	30.277	50
O Carballiño	3	9.118	50
Celanova	1	3.274	50
Rivadavia	1	1.880	50
Xinzo de Limia	23	72.678	50
Pazos (Verín)	8	34.815	50
<b>TOTAL PROVINCIA DE OURENSE</b>	<b>62</b>	<b>196.064</b>	
A Veigadaña (Mos)	6	29.878	30
A Reigosa (Ponte Caldelas)	14	122.544	30
Central de transportes de Ponte Caldelas	59	37.134	30
Lalín	2	6.523	30
Arbo	19	21.964	50
Silleda	4	12.975	30
<b>TOTAL PROVINCIA DE PONTEVEDRA</b>	<b>104</b>	<b>231.018</b>	
<b>TOTAL GALICIA</b>	<b>545</b>	<b>1.437.785</b>	

## A XUNTA HABILITA UNHA FERRAMENTA PARA A CONSULTA SOBRE O USO E OCUPACIÓN TERRITORIAL A NIVEL DE PARCELA DOS 85 CONCELLOS LITORAIS DE GALICIA

- *Galicia aspira a que este visor se converta no referente para a consulta de datos cartográficos, sobre todo para unha zona de alta complexidade territorial, como é o litoral galego*
- *SIOSE 5K ofrece información espacial de 527.000 Has, máis de 4.000.000 de parcelas a unha escala de 1/5.000, fronte á 1/25.000 que se viñan empregando neste tipo de mapas temáticos*
- *O resultado permite a todos os actores que interveñen no territorio coñecer que é o que sucede nel, como evoluciona e como se debe xestionar; e dicir, permite identificar o estado real dun solo, ou ámbito, e facer as primeiras análises para o desenvolvemento da súa actividade*
- *Trátase dun visor, de acceso libre e gratuíto, con información espacial de distintos grupos temáticos, como coberturas artificiais, pastos, matogueiras, terreos sen vexetación, coberturas húmidas e de auga, cultivos ou arborado forestais; e incluso detalles sobre os seus atributos, como por exemplo se están en estado de abandono, no caso dos cultivos, ou se é superficie queimada para o arborado forestal*

O Consello da Xunta, na súa reunión celebrada esta mañá, coñeceu o contido do Informe sobre o mapa de usos e coberturas do solo a escala 1/5.000 nos concellos da costa galega. Deste xeito, a Xunta facilita á sociedade galega o acceso, de xeito libre e gratuíto, ao visor SIOSE 5K con información xeométrica e temática de gran precisión sobre o uso e ocupación territorial a nivel de parcela catastral nos 85 concellos do litoral de Galicia. Esta base de datos ofrece información espacial de 527.000 Has, máis de 4 millóns de parcelas, dunha zona de alta complexidade territorial, como é a costa galega.

Para a elaboración deste visor, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda - a través do Instituto de Estudos do Territorio- levou a cabo un traballo minucioso e exhaustivo de fotointerpretación e emprego de distintos algoritmos e fontes, como o Sixpac, catastro municipal, mapa forestal, cartografía base, datos LiDAR, a rede hidrográfica e de estradas... que deu como resultado esta completa base de datos con información a nivel de parcelas catastrais cunha escala de 1/5.000, fronte á escala 1/25.000 que se viñan empregando neste tipo de mapas temáticos.

O resultado é unha información espacial para cada un dos distintos grupos temáticos, como coberturas artificiais, cultivos, pastos, arborado forestais, matogueira, terreos sen vexetación, coberturas húmidas e de auga; e dentro de cada un deles clasifícanse



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

ata 51 coberturas e atributos correspondentes. Deste xeito, grazas á consulta da cartografía pódense discriminar zonas de horta, viñedos existentes, coníferas ou cantís; e coñecer cales se poden considerar en abandono, no caso dos atributos dos cultivos, ou as zonas queimadas (atributo) para o arborado forestal.

Grazas a esta ferramenta coñécese que é o que sucede no territorio, como evoluciona e como se debe xestionar. É un produto que fai que podamos falar del como un mapa económico ao ofrecer información sobre o que existe e uso que se lle fai ao territorio, como tamén sobre a potencialidade do mesmo.

En definitiva, permite á sociedade en xeral, e sobre todo a aquelas disciplinas e actividades que modulan e interveñen no territorio, identificar o estado real dun solo ou ámbito e facer as primeiras análises para o desenvolvemento da súa actividade.

### Características técnicas

O visor SIOSE 5K, xunto coa base topográfica de Galicia, constitúe os cimentos para calquera proxecto de carácter territorial e, o conxunto de ambos, formarán o inventario básico territorial de Galicia.

Esta base de datos é unha ferramenta para coñecer como evoluciona e varía o territorio, pois ofrece unha cartografía coa máxima resolución, ao achegar información de coberturas do solo a nivel de parcela catastral; información de usos do solo en coberturas artificiais; facilita a integración dos datos oficiais existentes das distintas bases de datos, o seu procesamento masivo e coordina a súa produción a nivel nacional, así como unha semiautomatización do proceso, que posibilite redución de custos e maior frecuencia de actualización.

A información que reporta serve para, ademais de elaborar estudos dinámicos sobre a evolución da ocupación do solo, análise e avaliación de procesos territoriais, como a perda de superficie agrícola ou selado de solo, estudos de riscos naturais. No eido do urbanismo é un referente esencial para a ordenación, planificación e xestión do territorio e desenvolvemento territorial sustentable; así como para analizar e afondar sobre aspectos relacionados cos procesos de xeración urbana, como as superficies construídas, en construción ou tipoloxías construtivas.

Un último aspecto é que se suma ao expediente electrónico, polo que resulta imprescindible seguir traballando nun novo modelo de xestión administrativa, no que se incorpore a compoñente xeográfica como elemento necesario do expediente electrónico. Esta circunstancia tamén favorece a eficiencia no gasto público, ao evitar a duplicidade dos recursos públicos.

A Comunidade galega espera que esta base de datos SIOSE 5K para os concellos costeiros se converta no referente para a consulta cartográfica e o modelo a seguir,



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

tanto a nivel local, nacional e mesmo europeo, pola súa versatilidade, especificidade, capacidade de actualización e a alta resolución que presenta, tanto a nivel temático como espacial.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

## A XUNTA DESTINA MÁIS DE 5,6 MILLÓNS DE EUROS PARA FACER FRONTE Á COVID-19 NOS HOSPITAIS PÚBLICOS GALEGOS

- *A meirande parte deste orzamento vai para adquisición de material na área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras*
- *Tamén se prevé unha partida orzamentaria para mercar material de protección e kits de detección de covid para a área sanitaria da Coruña e Cee*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia de tres expedientes de contratación, por valor de 5.608.945 euros, para subministrar material e realizar determinados traballos e servizos na área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras e na da Coruña e Cee. Estas adquisicións están enmarcadas dentro dos investimentos que está a realizar a Xunta de Galicia na loita contra a pandemia da covid-19 na nosa comunidade autónoma.

Destes tres expedientes, destaca o que recolle un investimento de 4.297.224 euros para materiais de diversa índole na área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras. Desta cantidade, a meirande parte vai para a adquisición de material de laboratorio por un valor de 2.536.249 euros. Prevese, así mesmo, un orzamento de 1.525.183 euros para material sanitario, 111.482 euros para produtos farmacéuticos. O resto deste orzamento divídese na adquisición de mobiliario, material de conservación e reparación tanto de inmobles como de maquinaria, equipamento informático, etc.

O segundo dos expedientes refírese a adquisición de material para a área sanitaria da Coruña e Cee. Neste caso son 800.381 euros, dos que 537.600 euros dedícanse á compra de PCR para a detección cualitativa do coronavirus e 90.132 euros para kits de detección. O resto deste orzamento, 172.649 euros, divídese entre luvas de exame de nitrilo cun custo de 163.582 euros e desinfectante antiséptico para mans por valor de 9.110 euros.

No referido ao terceiro e último expediente, recolle un orzamento de 511.340 euros destinado á subministración de bens e contratacións de servizos para a área sanitaria da Coruña e Cee. Desta cantidade, destacan 224.718 euros son para tarefas de limpeza e aseo, ademais doutros 120.119 euros que se destinan á adquisición de material e 83.745 euros ao servizo de seguridade. Prevese este orzamento con diversas partidas para traballos, transporte, servizos relacionados con equipamentos informáticos, entre outros.



## O CONSELLO DA XUNTA DÁLLE O VISTO E PRACE AO CONVENIO MARCO CO CONCELLO DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DO NOVO CHUAC QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE MÁIS DE 431 MILLÓNS

- *O acordo sobre o novo hospital público da Coruña mantén os compromisos da proposta inicial formulada o 5 de maio pola Xunta ao Concello e segue o esquema do convenio do hospital Gran Montecelo de Pontevedra e da intermodal herculina*
- *A Xunta asume a responsabilidade da tramitación urbanística e a licitación e execución das obras da infraestrutura hospitalaria, ademais da urbanización e dos accesos e conexións viarias*
- *O Concello da Coruña asumirá o custo da adquisición dos terreos, dos accesos e das conexións viarias, cederá unha parcela municipal e dotará os servizos municipais básicos para garantir a entrada en funcionamento do novo hospital*
- *A Xunta xa está a executar desde o 15 de xaneiro as obras da fase 0 do novo hospital público da Coruña, que supoñen un investimento de 13 millóns de euros*
- *A finais de decembro o Goberno galego licitou, por 7,6 millóns de euros, os documentos técnicos e a tramitación urbanística e ambiental que permitirán iniciar as seguintes fases do Novo CHUAC o vindeiro ano*

O Consello deulle hoxe o visto e prace ao convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña polo que se establecen as bases para o desenvolvemento e execución do novo hospital público da Coruña, Novo CHUAC, que suporá un investimento autonómico global de 431,39 millóns de euros.

O convenio marco establece as bases de cooperación entre a Xunta de Galicia -*que actuará a través da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega de Infraestruturas como encargada de coordinar e executar as actuacións previstas-*, e o Concello da Coruña para a redacción e aprobación dun proxecto técnico para a licitación, adxudicación e execución das obras do Novo Chuac e para a dotación das infraestruturas e servizos necesarios para garantir a funcionalidade e óptimo funcionamento da nova infraestrutura hospitalaria, que blindará o futuro da sanidade pública na área da Coruña.

O convenio marco recolle os principios básicos da colaboración entre a Administración autonómica e local que xa recollía a proposta inicial feita pola Xunta de Galicia ao Concello da Coruña o 5 de maio de 2020. Fixa así a repartición de responsabilidades, que segue o mesmo modelo e esquema que o convenio asinado no seu día co Concello de Pontevedra para a execución do hospital Gran Montecelo ou o presentado para a estación intermodal da Coruña, estando prevista a sinatura de novos convenios para o seu desenvolvemento.





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Segundo recolle o convenio marco, o Goberno galego asume a responsabilidade de toda a tramitación urbanística e comprométese a realizar os trámites necesarios para a aprobación dun proxecto de interese autonómico de acordo co previsto na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Tamén asume a redacción, supervisión e aprobación dos proxectos técnicos necesarios para atender as necesidades do novo hospital, así como a licitación, adxudicación e execución das obras de construción do Novo CHUAC con cargo aos orzamentos autonómicos, que suporán un investimento global de máis de 431 millóns de euros, tal e como se recolle no anexo ao acordo marco, en que se establece valoración económica das obrigas das partes con previsión de anualidades.

Do global do investimento, a maior parte irá destinada ás propias obras do novo hospital público da Coruña, 264 millóns de euros, ademais dos 100 millóns que se destinarán a equipamento e instalacións tecnolóxicas. Os traballos previos e as demolicións terán un custo de 10,46 millóns de euros; e a urbanización e accesibilidade suporán un investimento de 33,40 millóns de euros. A isto engádense os investimentos xa en execución correspondentes ás obras da fase 0, 13 millóns de euros, e para a redacción dos documentos técnicos, urbanísticos, proxectos básicos e de execución do Novo CHUAC, por máis de 7 millóns.

A Xunta tamén será a encargada de licitar, adxudicar e executar as obras de urbanización e infraestruturas necesarias para os accesos e conexións viarias ao novo hospital.

Pola súa banda, o Concello da Coruña correspóndelle financiar, individualmente ou en colaboración con outras entidades públicas, a adquisición dos terreos necesarios para a materialización do novo recinto hospitalario e para a execución dos accesos e das conexións viarias necesarias. Os accesos e as comunicacións viarias suporán un investimento estimado por parte do Concello de 10,22 millóns de euros e, no caso dos terreos, 12 millóns de euros.

O Concello deberá, ademais, tramitar a posta á disposición do Servizo Galego de Saúde dos terreos da parcela dotacional pública municipal con fronte ás rúas Curramontes e Inés de Ben, de 8.026 metros cadrados de superficie, necesarios para as reservas de espazo en previsión de futuras ampliacións que poidan precisarse para destinalas a usos sanitarios e a outros servizos complementarios como laboratorios de investigación e docencia. A parcela municipal ten un valor estimado superior aos 2,3 millóns de euros.

A Administración local tamén deberá impulsar a tramitación das licenzas e demais permisos urbanísticos e de obras. Ademais, deberá asumir o desenvolvemento dos





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

servizos municipais básicos para a entrada en funcionamento do Novo CHUAC, entre os que se inclúe o abastecemento de auga, o saneamento, a subministración eléctrica e de gas, alumeadado, telefonía, recollida de lixo e conexións de transporte público, cun importe aproximado de 1,8 millóns de euros.

Tamén a exención do imposto de bens inmobles e demais taxas aplicables para a infraestrutura hospitalaria durante a súa vida útil deberán ser asumidos polo Concello da Coruña.

### Fase 0 en execución

A Xunta xa está a executar as obras da fase 0 do novo hospital público da Coruña, tras a sinatura da acta de implantación o pasado 15 de xaneiro logo de obter a licenza municipal por parte do Concello.

A fase 0, cun investimento autonómico de 13 millóns de euros, inclúe a creación dunha nova área de hospitais de día e dunha nova planta de hospitalización, así como a ampliación das camas para coidados intensivos. O traballos desenvolveranse en varios andares. No primeiro, en concreto, intervirase na antiga central de esterilización para ampliar os servizos de Farmacia, Urgencias e Mantemento. Na cuarta planta, as obras realizaranse nas antigas Urgencias para situar os hospitais de día de Oncoloxía, Alergloxía, Hematoloxía, Polivalente e a Oficina de coordinación de transplantes.

Ademais, prevense obras na quinta planta, na área dos antigos quirófanos, para situar unha nova unidade de hospitalización con 29 camas. Na sexta planta tamén se actuará en quirófanos para situar as unidades de coidados intensivos de politraumatizados e coidados intermedios, ademais dunha nova unidade de hospitalización con 18 habitacións e 29 camas.

A Xunta tamén licitou a finais de decembro, por 7,6 millóns de euros, os documentos técnicos e a tramitación urbanística e ambiental que permitirán iniciar as seguintes fases do novo hospital público da Coruña, Novo CHUAC, a finais do próximo ano.

O Goberno galego prevé, nunha primeira fase dos traballos, para a que se considera un prazo de 24 meses, levar a cabo a tramitación ambiental e urbanística e proceder á redacción dos proxectos de execución e ás actuacións previas preparatorias.

Deste xeito, o vindeiro ano, xa está previsto iniciar as obras de demolición comezando, previsiblemente, pola demolición do hotel de pacientes.

Na seguinte fase, cun período considerado de 6 meses, realizarase o proceso de licitación das obras principais, finalizándose as obras de demolición e xa tamén dalgunha fase. Na fase final executaranse e remataranse as últimas obras de



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

edificación, tamén as últimas obras de urbanización e os últimos traballos do viario e dos accesos.

O Novo CHUAC é a maior infraestrutura sanitaria que vai acometer a Xunta nesta lexislatura. Esta actuación permitirá dobrar a superficie construída, ata acadar os 225.000 metros cadrados de superficie. Isto supón o incremento do 108% de salas e postos de urxencias, o 50% de consultas e postos de observación de Urxencias e cun 15% máis de camas dispoñibles e un 50% de habitacións individuais.

Habilitaranse novas zonas de aparcadoiro á disposición dos traballadores e usuarios, 30.000 metros cadrados e 2.600 prazas, ordenadas e seguras, das cales se reservarán o 3% para persoas con discapacidade.

O proxecto inclúe a reordenación e execución das vías necesarias para dotar o complexo hospitalario público da Coruña dos accesos axeitados. Esta reordenación viaria terá, ademais, unha importante funcionalidade para a cidade, na medida en que dará servizo ao barrio de Eirís e á futura Cidade das TIC.



## A XUNTA DESTINA MÁIS DE 635.000 EUROS NOS ANOS 2021 E 2022 PARA INOCULAR UNS 32.000 PÉS DE CASTIÑEIRO E COMBATER A ENFERMIDADE DO CANCRO

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural no cal se detallan as actuacións levadas a cabo dende que comezaron os traballos de inoculación con cepas hipovirulentas*
- *Dende o ano 2011, o Goberno galego investiu 2,8 millóns de euros no tratamento de máis de 135.000 árbores*
- *Galicia é a principal comunidade autónoma de España en produción e exportación de castañas, superando os 20 millóns de quilogramos anuais e un valor estimado comercializado que sobrepasa os 50 millóns de euros*
- *O Plan Forestal de Galicia para o período 2021-2040 ten como obxectivo, entre outros, asentar as bases para favorecer o aumento da superficie de castiñeiro, prevendo incrementar en 16.000 hectáreas as plantacións desta árbore*

A Consellería do Medio Rural -a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal- destinará entre os anos 2021 e 2022 máis de 635.000 euros para loitar contra o cancro do castiñeiro mediante a inoculación de 32.000 pés desta árbore na nosa comunidade. Así o recolle o informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta, onde tamén se fai balance dos tratamentos levados a cabo desde o ano 2011.

Así, desde o ano 2011 a Consellería do Medio Rural procedeu a inocular con cepas hipovirulentas as árbores afectadas polo fungo *Cryphonectria parasitica*, sendo a día de hoxe o tratamento máis eficaz para combater esta enfermidade. Neste senso, cun orzamento total de case 2,8 millóns de euros, lévanse inoculado máis de 135.000 árbores en toda Galicia. Se analizamos as actuacións levadas a cabo no pasado exercicio 2020, a Consellería investiu algo máis de 383.000 euros na inoculación de algo máis de 19.400 pés.

En canto aos resultados dos tratamentos do pasado ano, o informe amosa que, nunha primeira fase de observación en campo, preto do 40% dos pés analizados cicatrizaron parcial ou completamente a ferida causada polo cancro e tan só un 11% dos pés estaban mortos ou xa foran eliminados.

Ademais, como novidade, este outono vanse establecer catro parcelas fixas de seguimento na provincia de Lugo: tres delas no concello de Folgoso do Courel (zona de tradición de recollida de froito) e unha cuarta no concello de Antas de Ulla (trátase dunha plantación recente destinada á produción de madeira) co fin de analizar de forma máis minuciosa o comportamento do cancro nos soutos.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

Deste xeito, a Consellería do Medio Rural traballa para protexer os soutos galegos de castiñeiros en xeral e a produción de castañas en particular, xa que Galicia é a principal comunidade autónoma de España en produción e exportación de castañas, superando os 20 millóns de quilogramos anuais, que se traducen nun valor estimado comercializado que sobrepasa os 50 millóns de euros. De aí a importancia de manter en bo estado fitosanitario estes soutos.

Este tratamento contra o cancro do castiñeiro súmase ao que realiza a Consellería do Medio Rural contra a avespiña, outra das doenzas que padece esta árbore. Así, a Xunta segue apostando polo control biolóxico mediante soltas do *Torymus sinensis*, o parasito que xa se asentou nos soutos galegos e que frea a expansión da avespiña. Neste senso, dende o ano 2015 que se comezou con este sistema natural, liberáronse un total de 4,1 millóns de individuos deste parasito por toda a xeografía galega, o que supuxo un investimento da Xunta de máis de 5,8 millóns de euros.

Ademais, o Plan Forestal de Galicia para o período 2021-2040 ten como obxectivo, entre outros, asentar as bases para favorecer o aumento da superficie de castiñeiro. Para iso prevese incrementar en 16.000 hectáreas as plantacións de castiñeiros, a metade para castaña e a outra metade para madeira.